

IES PORTA DA AUGA – RIBADEO

Curso 2006-07

DEPARTAMENTO: HISTORIA

PROGRAMACIÓN DA ÁREA/MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS

**ENSINANZAS:
SECUNDARIA**

CURSO:
1º Agr.
Esp.

Obxectivos xerais:

- Coñecer os procesos e mecanismos básicos que rexen os feitos sociais e utilizar este coñecemento para comprender o pasado e a organización das sociedades
- Adquirir e empregar con precisión e rigor vocabulario específico da area
- Utilizar as imaxes e representacións cartográficas para identificar e localizar feitos, lugares etc
- Utilizar, así mesmo, outras fontes xeográficas: estatísticas, gráficos
- Identificar os elementos do medio físico e caracterizar os principais medios naturais e a súa distribución
- Identificar os espazos rurais, industriais, de servizos e urbanos.
- Coñecer a diversidade xeográfica do mundo e distinguir as grandes áreas socioeconómicas, culturais e políticas
- Comprender os trazos básicos, físicos e humanos, de Galicia e España
- Identificar e localizar no tempo e no espazo os acontecementos relevantes da Historia da Humanidade
- Comprender a interrelación de factores multicausais que explican a evolución histórica da humanidade
- Adquirir unha memoria histórica que permita elaborar unha interpretación persoal do mundo
- Valorar e respetar o patrimonio natural, artístico, lingüístico, cultural e artístico
- Comprender e analizar de modo crítico os principais problemas morais do noso tempo, con respecto, tolerancia e solidariedade
- Realizar tarefas en grupo con actitude constructiva e tolerante
- Identificar a pluralidade con rexeitamento de calquera discriminación

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Contidos: O PLANETA TERRA. Mapas e imaxes. O Sistema Solar OS ELEMENTOS DO MEDIO NATURAL - A composición da terra - As distintas formas de relevo e a súa distribución - O medio mariño e as augas continentais - Os fenómenos atmosféricos OS MEDIOS NATURAIS E OS RECURSOS - Os climas e o seu reparto xeográfico O RELEVO GALEGO E AS AUGAS EN GALICIA	Procedementos: - Interpretación de distintos tipos de mapas - Cálculo de distancias reais a partir dunha escala - Localización de puntos xeográficos a partir das súas coordenadas - Interpretación de climogramas - Buscar información sobre a capa de ozono e a súa situación de deterioro actual - Describir o relevo, en forma sinxela, da bisbarra de Ribadeo - Elaboración dun mapa coas principais formacións montañosas e demais formas de relevo de Galicia - Elaboración dun mapa, igual que o anterior, de España	Actitudes: - Potenciar a iniciativa dos alumnos cara a realización e interpretación de distintos sistemas de representación, croquis, planos, mapas etc - Interrelación de clima e saúde - Preocupación pola contaminación atmosférica - Concienciación pola necesidade de cuidar o medio ambiente
---	---	---

SEGUNDA AVALAICIÓN

Contidos: OS MEDIOS NATURAIS E OS RECURSOS - Os medios naturais en España - Os medios naturais no mundo - Os riscos naturais - Conservación do ambiente e os recursos O CLIMA EN GALICIA E A PAISAXE GALEGA XEOGRAFÍA DOS RISCOS NATURAIS DE GALICIA IMPACTOS AMBIENTAIS EN GALICIA O PROCESO DE HOMINIZACIÓN. A PREHISTORIA - As sociedades cazadoras e recolectoras - O Neolítico e a Idade dos Metais - A Prehistoria e a Idade dos Metais na Península Ibérica GALICIA: PREHISTORIA. A CULTURA CASTREXA AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS HISTÓRICAS - Mesopotamia, a civilización entre ríos	Procedementos: - Análise das consecuencias no medio, dunha acción humana irracional - Estudo das condicións de vida das persoas nos distintos medios - Localización das zonas de elevado risco sísmico - Estudo de casos nos que a acción humana contribúe a elevación de riscos naturais - Investigación sobre os cambios socioeconómicos que orixina a aparición da agricultura e da gandería - Estudiar as manifestacións da cultura castrexa na zona	Actitudes: - Levar ao alumno á necesidade de asumir como obxectivo prioritario a conservación e protección do medio natural - Valorar a influencia dos riscos naturais, e a vida nas zonas afectadas por eles - Curiosidade polo proceso evolutivo do home dende a súa aparición sobre a terra ata hoxe
--	---	--

TERCEIRA AVALIACIÓN

Contidos: AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS HISTÓRICAS - A civilización exipcia do val do Nilo GRECIA: FUNDAMENTOS DA CULTURA EUROPEA - A Civilización grega: a súa evolución política - A vida cotiá en Grecia ROMA: A UNIDADE MEDITERRÁNEA - Roma, nai da civilización occidental - A vida cotiá en Roma - O cristianismo primitivo - A Península Ibérica na antigüidade e a trnsición cara a Idade Media CONQUISTA E ROMANIZACIÓN DE GALICIA A CRISE DO IMPERIO ROMANO E A TRANSICIÓN CARA Á SOCIEDADE MEDIEVAL EN GALICIA	Procedementos: - Investigación sobre os monumentos funerarios no antigo Exipto. Características dos mesmos - Estudio da influencia de Grecia no mundo antigo - Estudio das fases e circunstancias polas que se formaron os imperios - Investigación sobre as pegadas da Romanización en Galicia	Actitudes: - Fomento do respecto cara a igualdade entre os homes, independentemente da súa raza, relixión etc - Curiosidade por coñecer a división e estratificación social - Valoración do sistema democrático como forma de participación e convivencia - Aprender a respetar as normas que regulamentan a convivencia no seo dunha sociedade - Valorar o contacto con culturas diferentes como proceso enriquecedor
--	--	---

AVALIACIÓN (CRITERIOS, PROCEDIMENTOS, SISTEMA DE CALIFICACIÓN)

- TRABALLO NA CLASE: asistencia, atención, intervencións coherentes, interese
- TRABALLO NA CASA: Realización dos deberes diarios
- EXAME: a determinar ó longo do curso, dependendo da duración das unidades didácticas. Nos exames , o mesmo que nos traballos escritos, sempre se terá en conta a ortografía e expresión. .

HOMOXENEIZACIÓN DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer os contidos propios da materia
- Exposición clara e coherente tanto oral como escrita
- Corrección ortográfica e uso dos signos de puntuación
- Na elaboración de traballos, valórase: a capacidade de síntese e as aportacións personais
- Na exposición oral de traballos, valórase: o vocabulario propio e a claridade expositiva; a comprensión do contido
- No que respecta á libreta de clase, exames escritos e traballos en xeral, terase en conta a limpeza e a presentación
- A presentación de traballos dentro das datas prestablecidas cumprírase rigurosamente: No caso de demora será necesaria unha xustificación, dándose o prazo dun día máis. En caso de que o retraso persista non se admitirá o traballo dese alumno
- A avaliación será continua, non haberá recuperacións, e terase en conta a progresión e a actitude do alumno ó longo do curso. Poderase contemplar algún tipo de recuperación (ocasionalmente) nalgún aspecto que se considere básico para a formación dun alumno, por exemplo a ubicación en mapas tanto físicos como políticos.

OBJECTIVOS MÍNIMOS PARA ACADAR AVALIACIÓN POSITIVA

- Coñecer as características básicas do método científico propio da Xeografía
- Coñecer o planeta Terra: forma, dimensións e condicións esenciais que fan posible a vida
- Identificar e localizar os trazos físicos máis destacados que configuran os grandes medios naturais de Galicia, de España e do Planeta, analizando exemplos representativos das principais paisaxes resultantes da actividade humana nos citados medios
- Discernir os problemas ambientais máis graves: deforestación, lixos etc. E valorar os riscos que supoñe
- Coñecer os diferentes climas
- Distinguir os riscos naturais e as súas consecuencias
- Aplicar os modelos de representación traballados na aula
- Obter información a partir de diferentes fontes: documentos escritos, imaxes, mapas etc.
- Realizar algunhas pequenas investigacións de carácter descriptivo sobre algún feito próximo, consultando información diferente
- Identificar e situar cronoloxicamente os principais pobos, sociedades e culturas que se desenvolveron na Península Ibérica, e analizar as súas aportacións
- Relacionar certos vestixios histórico-artísticos cos pobos que os produciron
- Coñecer os principios que rexen as sociedades democráticas
- Empregar argumentacións razoadas sobre os diferentes contidos da materia
- Manifestar actitudes de tolerancia, solidariedade,e respecto na clase
- Expresión e ortografía dentro da corrección lingüística e gramatical

Mínimos para o grupo específico:

Se ben o grupo ten a mesma programación que o outro grupo, o ritmo pode ser máis lento, dependendo das circunstancias, polo que é posible que non abarquen todo o progrma.

Os obxectivos mínimos e prioritarios para este tipo de grupos serán os que faciliten a aprendizaxe, a comprensión e a boa sintaxe. Quedan concretados nos seguintes aspectos:

- Subraído, resume e sistese dun texto
- Lectura comprensiva
- Redacción das ideas principais
- Exposición tanto oral como escrita cunha boa sintaxe e coherencia nas ideas
- Aprendizaxe dos conceptos elementais da Xeografía
- Coñecemento do mapa de Galiza, España e Europa
- Localización cronolóxica das etapas históricas., e das características elementais desas etapas
- Progreso evolutivo dende o inicio ata o final de curso
- Interese por parte do alumno en reintegrarse no seu curso normal (se ten capacidades para elo)

SISTEMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

SISTEMA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIO PARA ALUMNADO CON FALTAS DE ASISTENCIA A CLASE
--

Cando un alumno falte reiterativamente a clase dun xeito non xustificado, terá que presentarse a unha única proba a final de curso. A proba podera ser oral ou escrita, a determinar polo Seminario. A materia de exame será toda a dada polo curso ó cal pertenza o citado alumno. O alumno debe ser avisado como mínimo 15 días antes da celebración da proba, especificándolle día e hora. Asi mesmo o alumno debe presentar ese mesmo día tódolos traballos feitos polos demais alumnos da clase ó longo do curso.

Se as faltas se deben a algo xustificado : accidente, enfermidade etc, o profesor decidirá o xeito de recuperar según o caso concreto

PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Entrará toda a materia impartida ó longo do curso